

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DO MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN ESTUDOS INGLESES AVANZADOS E AS SÚAS APLICACIÓNS (MEIA) NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, e de conformidade co establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27.05.2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra parte, Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG nº 10, do 15.01.2024), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e no artigo 36.1.f) dos estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº 100, do 26.05.2004) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG nº 201, do 17.10.2007).

Doutra parte, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG nº 56, do 22.03.2022), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 29, do 12.02.2014).



Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, con CIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño (DOG nº 117, do 20.06.2022), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG nº 38, do 22.02.2019).

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial, o cooperativismo e as entidades de ensino e investigación constitúe unha das preocupacións das universidades galegas.

Segundo. Un dos obxectivos que as universidades do Sistema Universitario de Galicia (en diante, SUG) consideran de maior importancia é o complemento para formar o estudiantado que supón o coñecemento da realidade empresarial, das cooperativas e das entidades de ensino e investigación no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas.

Terceiro. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito produtivo e as universidades, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, cooperativas e outras entidades de ensino e investigación, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados.

Cuarto. Todo isto evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre as entidades asinantes e delimite as garantías recíprocas do estudiantado e as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia (en diante, EOI) no desenvolvemento do período de prácticas.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar este convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes



ESTIPULACIÓNS

Primeira. OBXECTO

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado nas instalacións das EOI, así como para achegar persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda. CONVOCATORIA E OFERTA DE PRÁCTICAS

As prácticas convocaranse por cada unha das universidades de orixe segundo a normativa de prácticas respectiva. A oferta concreta de prazas será determinada por acordo dos órganos con competencias en cada unha das universidades de conformidade coa proposta das EOI, e establecerase como criterio xeral que a oferta sexa equilibrada entre as tres universidades.

Poderá participar nas prácticas o estudiantado do Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (MEIA) do SUG para o que se ofrecen. A distribución de estudantes e a súa selección será competencia da Comisión Académica do MEIA, así como a organización de apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

A realización efectiva das prácticas poderá exceder o período ordinario do curso académico respectando o límite establecido por cada universidade.

Terceira. DURACIÓN E HORARIO DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓNS DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS

1. A duración das prácticas será a seguinte:

As prácticas externas curriculares terán a duración establecida no plan de estudos correspondente e antes de inicialas a/o estudante ten que estar matriculada/o e non ter depositado o título, nos termos establecidos polo artigo 14.5 do Real Decreto 822/2021 do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguranza da súa calidade.

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e coa dispoñibilidade das EOI. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida pola/o estudante na universidade de orixe.



3. O réxime de permisos acordarase entre a EOI e cada estudante, e deberá adaptarse ás normas que a universidade de orixe poida establecer. En todo caso, respectaranse por parte da EOI as obrigas derivadas do cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e de participación do estudantado.

4. A/O estudante que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas pola persoa titora da EOI poderá ser excluída/o das prácticas académicas. Neste caso, a EOI comunicarlle á universidade de orixe esta circunstancia e, de común acordo, ambas as entidades darán por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos.

No caso de que as prácticas na EOI non se axusten ao acordado coa coordinación do título, poderá ser motivo de rescisión delas. Nestes casos, a comisión de seguimento ou o órgano competente ofrecerá unha solución para completar o período que lle reste á/ao estudante para finalizar as prácticas.

Así mesmo, cada estudante en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas, o que resolverá a vicerreitoría ou o órgano con competencias na materia de prácticas académicas externas na universidade de orixe.

Cuarta. PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS

O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas fixará os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir cada estudante. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias adquiridas cos estudos cursados. Este proxecto formativo reflectirase nos modelos que ao respecto da formalización da práctica teña a universidade de orixe da/o estudante en prácticas.

Quinta. VINCULACIÓN DO ESTUDANTADO EN PRÁCTICAS COA EOI

1. A relación do estudantado en prácticas coa EOI non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no Estatuto dos Traballadores.

2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe, polo que o estudantado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na EOI, nin as propias e exclusivas do seu persoal.



3. A EOI non poderá cubrir co estudiantado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.

Sexta. ASEGURAMENTO DO ESTUDANTADO E RESPONSABILIDADE CIVIL

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realizaren en territorio nacional. A cobertura para o estudiantado maior de 28 anos rexerá polo establecido en cada universidade.

2. Os danos a terceiros como consecuencia da realización de prácticas académicas externas da/o estudante estarán cubertos polo seguro de responsabilidade civil da universidade de orixe. Non obstante, no caso de prácticas en que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, poderán contratarse seguros adicionais cuxo custo correrá pola conta da/o estudante.

Sétima. INCLUSIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL DO ESTUDANTADO QUE REALICE PRÁCTICAS EXTERNAS BAIXO A APLICACIÓN DO PRESENTE CONVENIO

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudiantado que realice prácticas académicas externas rexerá polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social introducida polo artigo único, parágrafo 34, do Real Decreto 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A realización de prácticas externas curriculares ao amparo do presente convenio determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Das prácticas externas curriculares non se derivarán os deberes propios dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica obrigatoria por parte da entidade.

A UDC asumirá a cotización e a tramitación da alta dos estudantes en tanto se manteña en vigor a Disposición Adicional 52ª do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social introducida polo artigo único, parágrafo 34, do Real Decreto-Lei 2/2023, de 16 de marzo.

A EOI poderá interromper as prácticas cando considere que o estudiantado vulnerou gravemente os seus deberes, o que lle comunicará á persoa que fose designada como titora por parte do centro da UDC.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Para o estudiantado de orixe desta universidade, o cumprimento das obrigas da Seguridade Social corresponderá á USC, que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a EOI.

UNIVERSIDADE DE VIGO

En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social e para o estudiantado de orixe desta universidade:

1. A responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da universidade.
2. A universidade de orixe da/o estudante garantirá o cumprimento do establecido no punto anterior para cada estudante que, en base a este convenio, sexa autorizada/o pola EOI para a realización de prácticas nas súas instalacións.
3. Esta cláusula será de aplicación para todo o estudiantado que realice prácticas externas ao amparo deste convenio.

Oitava. RÉXIME DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

1. Período

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte do estudiantado será o número de horas recollido no plan de estudos correspondente.

2. Titorización das prácticas

Tanto as EOI coma as universidades, respectivamente, designarán as persoas titoras que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, a EOI e a persoa coordinadora do mestrado, deberán asinar un documento en que figure perfectamente detallado cal será a tarefa da/o estudante, o período exacto das prácticas, así como un apartado para un informe breve de ambas as persoas titoras, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento da/do estudante e a súa apreciación sobre a capacidade deste.

A cada estudante asignaráselle unha persoa titora académica que será docente da titulación e designada pola universidade de orixe para cada práctica ofertada, coa misión de facer un seguimento máis directo desta, darlle resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avaliala/o de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. A persoa titora académica tamén será responsable de



avaliar o estudantado en prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación fixados e segundo o procedemento de avaliación establecido pola universidade de orixe.

Cada estudante contará tamén cunha persoa titora externa na EOI, que será responsable de aplicar o plan de formación previsto e de elaborar os informes de valoración que lle soliciten sobre o traballo desenvolvido pola/o estudante.

3. Dereitos e deberes do estudantado

Durante a realización das prácticas académicas externas, o estudantado terá dereito a:

- a) A tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por unha persoa docente da universidade e pola persoa titora da EOI.
- b) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa formativo. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación, que serán coñecidos pola persoa titora externa. O estudantado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- c) A imputación dos créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas.
- d) A expedición, por parte da EOI, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- e) A propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) Recibir, por parte da EOI, información da normativa de seguridade e de prevención de riscos laborais.
- g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, tras comunicarllo con antelación suficiente á EOI.
- h) Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso do estudantado con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) Conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas coas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- l) Outros dereitos previstos na normativa vixente.

Así mesmo, terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, e nos



Estatutos da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo.

Durante o período de prácticas, o estudiantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

Con relación á EOI en que se desenvolven as prácticas, as/os estudantes deberán:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no proxecto formativo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da EOI.
- c) Gardar o debido sxiilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e de prevención de riscos laborais da EOI.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa EOI.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e nos correspondentes convenios de cooperación educativa subscritos polas universidades asinantes coa entidade colaboradora, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O estudiantado de prácticas curriculares estará obrigado a realizar a totalidade de créditos dos que estea matriculado conforme o establecido no plan de estudos para obter o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

4. Dereitos e deberes da persoa titora da EOI

A persoa titora terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, en forma de certificado, de ser requirido pola persoa interesada.
- b) A ser informada acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do Proxecto Formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) A obter a información e o apoio necesarios para cumprir os fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- a) Acoller a/o estudante e organizar a actividade que se desenvolverá consonte o establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar a/o estudante da organización e funcionamento da EOI, e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.



- d) Coordinar coa persoa titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento desta e o control de permisos para a realización de exames ou outro tipo de actividades de carácter académico.
- e) Emitir o informe final (e o de seguimento intermedio, se o houber).
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise a/o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionarlle á/ao estudante os medios materiais indispensables para desenvolver as prácticas.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte da/o estudante.
- i) Facilitarlle á persoa titora académica da universidade a información necesaria para cumprir os fins propios da súa función.
- l) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
- m) Prestarlle axuda e asistencia á/ao estudante, durante a súa estancia no centro, para resolver as cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza.

5. Dereitos e deberes da persoa titora académica da universidade

A persoa titora académica da universidade de orixe terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento se poidan derivar en ningún caso efectos retributivos específicos.
- b) A ser informada verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia da/o estudante que debe tutelar.
- c) A ter acceso á información necesaria para cumprir os fins propios da súa función.

A persoa titora académica da universidade de orixe terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación da/o estudante.



- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas en coordinación coa persoa titora da EOI, e vistos os informes de seguimento, no seu caso.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Avaliar as prácticas da/o estudante titorizada/o de acordo co establecido no regulamento de prácticas académicas externas da universidade de orixe.
- e) Gardar confidencialidade sobre a información coñecida como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
- f) Informar a persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade de orixe das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que as/os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

6. Memoria das prácticas

Ao rematar o período de prácticas cada estudante deberá realizar, polo menos, unha memoria final sobre o traballo desenvolvido e entregarlle á persoa titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao establecido no regulamento de prácticas académicas externas da universidade de orixe.

7. Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaranas as universidades a través das súas persoas titoras, tendo en conta a memoria elaborada pola/o estudante e o informe de prácticas realizado pola persoa titora da EOI.

8. Certificación da EOI

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación da/o estudante sexan favorables, a EOI emitirá para cada estudante unha certificación en que debe constar o tempo de colaboración, actividades, traballos, investigacións etc., realizados nela.

A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e quedará supeditada á avaliación que realice a universidade de orixe das prácticas.

9. Efectos das prácticas

A realización das prácticas curriculares polo estudantado computará para obter os títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.



Novena. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense a tratar os datos persoais necesarios para executar o presente convenio de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia.

De conformidade coa lexislación, o estudiantado en prácticas que por razón das actividades formativas acceda, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non lles revelará a persoas alleas á EOI ningunha información nin utilizará ou dispoñerá dela con finalidade distinta á esixida polas accións formativas. Esta obriga subsistirá aínda despois de rematar as prácticas e no caso de incumprir o deber de segredo a/o estudante responderá fronte á EOI, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa se puidesen derivar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto a/o estudante poderá asinar coa EOI un documento en que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Os ficheiros automatizados en que se sometan a tratamento datos persoais de estudantes, persoal da EOI ou outras/os participantes nos programas de prácticas académicas externas deberán respectar a lexislación e a normativa da universidade de orixe sobre protección de datos de carácter persoal e aplicar as medidas de seguridade que correspondan.

As partes exonéranse mutuamente de calquera responsabilidade que se xerese polo incumprimento por unha delas das obrigas derivadas da normativa de protección de datos persoais.

Décima. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio integrada, por parte das universidades asinantes, pola vicerreitora ou vicerreitor con competencias en materia de prácticas académicas, ou persoa en quen delegue e, por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola persoa que esta designe.

A comisión de seguimento terá as seguintes competencias en relación coas prácticas tuteladas:

1. Resolver os problemas que suscite na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.



3. Tomar medidas en relación coas incidencias xurdidas na realización das prácticas, incluída a expulsión de estudantes que incumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo primeira. NORMATIVA APLICABLE SUPLETORIA

Á falta de determinación no convenio aplicaranse as seguintes normas:

- Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguranza da súa calidade.
- Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Normativa de prácticas académicas externas das universidades asinantes.
- Normativa do plan de estudos da titulación.

Décimo segunda. ORZAMENTO

Este convenio non supón ningún custo para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Décimo terceira. VIXENCIA

O convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos e, en calquera caso, polo tempo que duren as prácticas do estudantado. O convenio poderá prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Décimo cuarta. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do convenio:

- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das súas estipulacións, logo da reunión da comisión de seguimento.
- As demais causas de resolución do artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A denuncia do convenio poderá realizala calquera das partes e comunicarse por escrito coa antelación establecida na cláusula décimo terceira.

Unha vez extinguido o convenio, deberá asegurárselle ao estudantado que estea desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo, a posibilidade de finalizalas.

Décimo quinta. REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO



A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das persoas interesadas á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que aparecen nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo sexta. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e as persoas empregadas das administracións públicas, para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregada/o pública/o. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Décimo sétima. ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais, e tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, as cidadás e os cidadáns deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



Décimo oitava. XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir, a través da comisión de seguimento.

Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das universidades.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio na data da última sinatura electrónica.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Antonio López Díaz

O reitor da Universidade da Coruña

Ricardo José Cao Abad

O reitor da Universidade de Vigo

Manuel Joaquín Reigosa Roger

